

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Orde do 25 de outubro de 2006 pola que se establecen as condicións da emisión de obrigacións da Comunidade Autónoma de Galicia por importe de 350 millóns de euros.*

Con base no artigo 29.1º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Consello da Xunta de Galicia, por Decreto 10/2006, do 26 de xaneiro, polo que se regula a débeda da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2006, autorizou a realización das operacións financeiras recollidas na indicada lei mediante a emisión de débeda pública ou a concertación de créditos, facultando, así mesmo, o conselleiro de Economía e Facenda para que estableza as condicións das ditas operacións e dite as disposicións necesarias para tal efecto.

Mediante acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño obtívose a autorización establecida no artigo 14.3º da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

Por todo isto,

### DISPOÑO:

Artigo único.

Emitir débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe de 350 millóns de euros. Esta emisión realízase baixo a forma de obrigacións da Xunta de Galicia, representada mediante anotacións na conta, ao abeiro dos artigos 55 e seguintes da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coas modificacións introducidas pola Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, e da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamento e liquidación de valores.

A emisión de débeda pública que autoriza esta orde terá as características que se detallan a continuación:

Importe: 350 millóns de euros.

Data de emisión: 2 de novembro de 2006.

Data de desembolso: 2 de novembro de 2006.

Prezo da emisión: á par, libre de gastos para o subscritor.

Nominal das obrigacións: 1.000 euros.

Subscrición: será realizada directamente polas entidades financeiras aseguradoras da emisión, actuando en nome propio ou por conta de terceiras persoas, o día 31 de outubro de 2006.

Cotizacións: solicitarase a inscrición desta débeda pública no mercado de débeda pública en anotacións, *Iberclear, S.A.*, na forma prevista nos artigos 55 e seguintes da Lei 24/1988, do 28 de xullo, de mercado de valores, e nos demais preceptos legais aplicables na materia.

Cupón: o pagamento do cupón será anual e vencerá o día 2 de novembro de cada ano. Nos casos en que, de acordo coa lexislación vixente, sexa aplicable a devolución da retención practicada nos cupóns desta emisión, será o Banco de España quen xestione o correspondente procedemento, segundo se establece na orde da Consellería de Economía e Facenda do 16 de xuño de 2004, publicada no *Diario Oficial de Galicia* o día 18 de xuño de 2004.

Tipo de xuro: anual do 1,896%, axustado en función do incremento do índice de prezos de consumo harmonizado da euro área excluído o tabaco (HICP ex\_tobacco), calculado por Eurostat.

Data de amortización: 2 de novembro de 2016.

Importe de amortización: ao final da vida da operación, nun só pagamento e ligada ao incremento do índice de prezos de consumo harmonizado da euro área excluído o tabaco (HICP ex\_tobacco), calculado por Eurostat.

Fiscalidade: de conformidade co previsto no artigo 14.5º da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, esta emisión goza dos mesmos beneficios e condicións que a débeda pública do Estado.

Liquidez: as entidades aseguradoras garanten durante a vida da emisión a liquidez das obrigacións.

### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2006.

José Ramón Fernández Antonio  
Conselleiro de Economía e Facenda

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 28 de outubro de 2006 pola que se convocan para o ano 2006 as axudas para facilitar o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia.*

A Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos, regula o réxime xurídico das parzarías e arrendamentos rústicos-históricos de Galicia, entendendo por tales aqueles que se pactaron con anterioridade a agosto de 1942, sexa cal fose a súa procedencia xurídica inicial e que compoñen no seu conxunto unha institución histórica propia de Galicia. Esta lei establecía que as parzarías e os arrendamentos rústicos-históricos que estivesen vixentes na data da súa entrada en vigor quedarían prorrogados ata o 31 de decembro de 2005.

A publicación da Lei 6/2005, do 7 de decembro de 2005, pola que se modifica a Lei 3/1993, do 16 de abril, introduce unha nova prórroga nos arrendamentos rústicos-históricos e nas parzarías ata o 31 de decembro de 2010.

Ao abeiro desta lei, e coa finalidade de recoller as modificacións introducidas nela así como a necesaria adaptación aos cambios xurdidos na normativa estatal e autonómica, e a aplicación das directrices comunitarias, aprobouse o Decreto 182/2006, do 26 de outubro, polo que se establecen medidas para facilitar o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, modificada pola Lei 6/2005, do 7 de decembro, fixéndose un réxime de axudas para aquelas persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías que exerzan o seu dereito de acceso á propiedade.

As axudas recollidas no referido decreto cumpren, cos requisitos exixidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, co previsto no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro (modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo), polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, redactado segundo a Lei 8/1999, do 30 de decembro, así como co Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e co establecido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C 28/02).

Así mesmo, o Decreto 182/2006, do 26 de outubro, establece, con carácter indefinido, as bases reguladoras das axudas para aquelas persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías que exerzan o seu dereito de acceso á propiedade, sendo preciso realizar a convocatoria correspondente a este ano 2006.

En consecuencia, de conformidade co artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

#### *DISPOÑO:*

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

É obxecto desta orde o establecemento da convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para facilitarlles o acceso á propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías, de acordo coas bases reguladoras previstas no Decreto 182/2006, do 26 de outubro, polo que se establecen medidas para facilitarlles o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, modificada pola Lei 6/2005, do 7 de decembro.

Artigo 2º.-Condicións e finalidade.

1. Para poder acollerse a estas axudas deberanse cumprir os requisitos establecidos no Decreto 182/2006, do 26 de outubro.

2. Estas axudas teñen por finalidade facilitarlles o acceso á propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías que de conformidade co previsto na Lei 3/1993, do 16 de abril, exerzan o dereito de acceso á propiedade xudicialmente ou mediante acordo extraxudicial.

Artigo 3º.-Prazo e presentación das solicitudes.

1. Para a convocatoria 2006 e en cumprimento do artigo 42 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as solicitudes de axuda presentaranse no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. As solicitudes de axudas presentaranse preferentemente nas delegacións provinciais da Consellaría do Medio Rural. Así mesmo, poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os interesados presentarán a solicitude de axuda axustada ao modelo establecido no anexo I do Decreto 182/2006, do 26 de outubro, xuntando toda a documentación establecida no seu anexo III.

3. De conformidade co previsto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006 a presentación das solicitudes comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, acreditativas de atoparse ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante, quedan exentos de xustificar o cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os beneficiarios das axudas especificadas no artigo 41.1º g) da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2006.

Artigo 4º.-Xustificación e pagamento.

O pagamento da subvención realizarase dunha soa vez, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos no anexo III do antedito decreto, e tras a achega polo beneficiario dos xustificantes de pagamento que terán que ser presentados no prazo de dez días hábiles, que comenzarán a contar o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión da axuda.

**Artigo 5º.-Financiamento.**

Para a concesión das axudas desta convocatoria existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 por un total de douscentos corenta mil euros (240.000 €), na aplicación orzamentaria 11.02.422D.770.0, axudas para adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos.

A concesión das axudas quedará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-En todas as cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nos artigos 78 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias para ditar as instrucións que considere oportunas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2006.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

*Resolución do 5 de outubro de 2006, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dita a normativa para a pesca da lamprea no río Tea e se fixa o período e condicións para presentar as solicitudes para participar no sorteo de postos de pesca, no vindeiro ano 2007.*

De conformidade coa disposición adicional cuarta da Orde do 22 de febreiro de 2006, pola que se establecen as normas de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a temporada de 2006, en que se faculta o delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Pontevedra para ditar cantas

normas sexan necesarias para a regulación da pesca da lamprea no río Tea e, co obxecto de que se realice un aproveitamento ordenado da dita pesca, establécese un réxime especial para o vindeiro ano 2007 que só poderá practicarse desde 700 metros augas abaixo da ponte romana de Pontearreas ata a confluencia do Tea co río Miño, coas limitacións que a continuación se indican:

-Os pescadores interesados nesta pesca deberán participar no sorteo público que celebre o Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, na data, a hora e o lugar que se fará público, no que se indicarán os postos de pesca para a colocación das estacadas.

-Os medios que se empreguen serán a estacada, fisga (1 por pescador) e luz artificial. Enténdese por estacada a ponte ou pasarela de madeira situada en saínte sobre o río, perpendicularmente á dirección da corrente e cunha lonxitude máxima que non superará a metade do leito fluvial, apoiándose nun extremo na marxe do río e o resto sobre estacas ou postes de madeira ou ferro, de xeito que non se impida a libre circulación das augas baixo ela.

-Antes de proceder á instalación das estacadas deberán estar en posesión de licenza de pesca e autorizados cos permisos de 4ª categoría para cada día, documentos que deberán levar consigo xunto co DNI durante a práctica desta actividade.

-Prohíbese ter na estacada un número superior de fisgas a pescadores con permiso presentes nela, así como pedras ou calquera outro instrumento que sirva para bater as augas ou espantar os peixes de xeito que se facilite a súa captura; serán todos eles responsables do incumprimento destas condicións.

-O período hábil de pesca será desde o 22 de xaneiro ata o 30 de abril.

-A pesca realizarase en días alternos, pescando os luns, mércores e venres desde as estacadas impares e os martes, xoves e sábados desde as pares. As persoas que pesquen os luns, mércores e venres comezarán ás 21.00 horas destes días e poderán facelo ata as 8.00 horas do día seguinte. As persoas que o fagan os martes, xoves e sábados comezarán as 21.00 horas destes días e poderán facelo ata as 8.00 horas do día seguinte.

-Prohíbese a pesca desde as 21.00 horas dos domingos ata as 21.00 horas dos luns.

Requisitos que hai que seguir na instalación das estacadas:

\* Deberán estar debidamente numeradas e situadas de conformidade co recollido no anexo, onde se fixe sobre o terreo o persoal da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e ningún caso se poderán montar as estacadas fóra do lugar establecido, nin se poderá cambiar de marxe. No caso de que os adxudicatarios de 2 estacadas contiguas queiran montalas conxuntamente solicitarano previamente e, se é o caso, montarase no lugar correspondente á sinalada máis augas abaixo.

\* Deberán ter acceso desde terra e en ningún caso as dimensións das estacadas superaran a metade do río.